

PLAN DE CONVIVENCIA

Ceip Rosalía de Castro

Padrón

Equipo de Convivencia 2023

ÍNDICE

1. Introducción.....	1
2. Análise do contexto e diagnóstico da	3
2. 1. Análise do contexto.....	3
A) CONTORNO FÍSICO.....	3
B) DATOS DE POBOACIÓN.....	3
C) CONTORNO SOCIAL E CULTURAL.....	4
D) SERVIZOS SOCIAIS E EDUCATIVOS EXTERNOS Á ESCOLA.....	4
E) A LINGUA MATERNA.....	4
F) LIMPEZA NO CENTRO.....	4
G) ALUMNADO E PROFESORADO DO CENTRO.....	6
2.2. Análise e diagnóstico da situación de convivencia no centro.....	8
a) Convivencia do grupo-clase.....	8
b) Convivencia nas zonas común.....	9
3. Concreción do Plan.....	11
3.1. Obxecto, fins e principios do plan.....	11
3.2. Obxectivos xerais do Plan de Convivencia.....	11
3.3. Obxectivos específicos.....	12
3.4. Actuacións, medidas ou programas a desenvolver para favorecer a convivencia no centro.....	13
3.4.1. Organización XERAL da convivencia do centro.....	13
• Normas de convivencia do centro e dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa	14
• Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección.....	22

• Normas de convivencia do comedor escolar.....	28
• Comisión de convivencia.....	32
• Aula de convivencia inclusiva.....	37
3.4.2. Protocolos e programas específicos.....	40
• Protocolo de acoso escolar.....	41
• Protocolo de mediación.....	48
• Programa que contribúa a adquisición de habilidades e competencias sociais.....	53
• Plan de traballo coordinadora de bienestar e convivencia.....	59
3.4.3. Escola de nais e pais.....	64
3.4.4. Actuacións ANUAIS do plan de convivencia.....	64
1. Concreción das actuacións.....	64
2. Relación entre as actuacións do plan de convivencia e outros documentos do centro.....	65
3. Os responsables das actuacións.....	65
4. A temporalización.....	65
5. Os recursos.....	65
6. Os indicadores de logro e os instrumentos de avaliación.....	66
3.4.5. Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan.....	67
3.4.6. Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan.....	67
3.4.7. Difusión do Plan.....	67

4. Anexos: Parte de incidencias e medidas correctoras por faltas leves e por faltas graves

1. INTRODUCCIÓN (CONTEXTUALIZACIÓN DO TEMA E NORMATIVA)

O presente Plan Convivencia nace da necesidade de avaliar e profundizar no ámbito das interrelacións sociais derivadas da convivencia democrática no medio escolar, xunto coa vontade, tanto por parte de tódolos membros da comunidade educativa, como das Institucións Públicas (Consellería de Educación), de poñer os medios necesarios para solucionar os conflitos que inevitablemente derivan da coexistencia dentro da escola, así como para mellorar a convivencia entre todos os implicados, optimizando tempos, espazos e medios materiais e humanos.

A coexistencia e interacción entre individuos, de non existir un marco legal que limite as accións e comportamentos de cada un dentro do grupo social, non é tarefa fácil. A tendencia individual cando non existe un marco normativo que guie ou limite as accións de cada un, vai encamiñada normalmente a satisfacer a vontade individual e as propias necesidades, antes de ter en conta o beneficio colectivo e o respecto aos dereitos e liberdades dos demais.

De todo isto extraemos a necesidade de crear unhas normas de convivencia que respecten os dereitos e liberdades de cada un e, ao mesmo tempo, limiten actitudes de desprezo e/ou abuso cara ós demais, e mesmo cara a convivencia en equilibrio democrático.

Con todo isto tratarase pois de favorecer as aprendizaxes que se leven a cabo ao longo do curso escolar, eonstruíndo o clima máis idóneo para alumnos/as, profesores/as e todos os membros da comunidade educativa en xeral.

O presente Plan de Convivencia terá como referencia fundamental ó marco legal seguinte:

- a. Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, LOMLOE.
- b. Lei 4/2011 do 30 de xuño da convivencia e participación da comunidade educativa.
- c. Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- d. Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o

currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- e. Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- f. Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- g. Decreto 374/1996 do 17 de outubro polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e primaria.
- h. Orde de 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de bienestar e convivencia nos centros docentes de Galicia
- i. Orde do 8 de setembro de 2021, polo que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- j. Orde 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de infantil e dos colexios de infantil e primaria.
- k. Orde 28 de xullo de 2010 pola que se modifican algúns aspectos da O 22 de xullo de 1997.

Segundo se recolle no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, enténdese a convivencia escolar como *“a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na intrerrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa ”*.

Aplicado isto ao noso centro, a convivencia converterase pois nun elemento básico para poder levar a cabo a actividade escolar en todos os ámbitos nos que esta se desenvolva, xa que non sería posible desenvolver o labor educativo de non existir un entorno propicio para aproveitar ao máximo as capacidades dos alumnos/as, o seu desenvolvemento integral e a súa aprendizaxe en todos os ámbitos da súa vida.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA NO CENTRO

2.1. Análise do contexto.

Para que estas normas de convivencia sexan funcionais e contextualizadas ó noso centro, partiremos da realización dunha análise dos seguintes aspectos:

A. CONTORNO FÍSICO.

O C.E.I.P. Rosalía de Castro está situado no Concello interior de Padrón, nun val entre os ríos Sar e Ulla, ubicado na Rúa Santiaguíño do Monte, s/n.

Foi inaugurado en decembro de 1974, construíndo un novo edificio, despois de demoler o antigo debido ás deficiencias que presentaba, no ano 2004.

Ten unha superficie de 2960 metros cadrados, distribuídos en 2 plantas con 3 entradas, unha destinada para infantil, outra para os nenos de Primaria e outra para o profesorado, e recollida e entrega de nenos, sendo ésta a principal.

Contamos con servizos de comedor, transporte escolar e plan Madruga.

B. DATOS DE POBOACIÓN.

Para situarnos no concello e no barrio no que vive a maior parte do noso alumnado aportamos os seguintes datos de poboación aproximados:

- . Poboación do Concello de Padrón : 8349 habitantes: (Homes: 4131) (Mulleres: 4450)
 - 0 a 15 anos: 1075 (H: 550) (M: 525)
 - 16 a 64 anos: 5443 (H: 2746) (M: 2699)
 - 65 ou mais anos: 2063 (H: 835) (M: 1228)
 - Poboación estranxeira: 112 (H: 58) (M: 54)
 - Idade media: 45,76 (H: 44,04) (M: 47,37)
- Poboación da parroquia de San Pedro de Carcacia: 693 hab.
- Poboación da parroquia de Santa María de Cruces: 1132 hab.
- Poboación da parroquia de Santa María de Herbón: 623 hab.
- Poboación da parroquia de Santa María de Iria Flavia: 1907 hab.
- Poboación da parroquia de Santiago de Padrón: 4029 hab.

Polo tanto, o centro está situado no barrio con maior incidencia de poboación da vila.

C. CONTORNO SOCIAL E CULTURAL.

Dende unha perspectiva socioeconómica, o Concello de Padrón caracterízase pola diversificación da súa estrutura económica, xa que, ademais de ser considerado unha despensa natural para Galicia, grazas ao seu clima cálido e chuvioso, nas últimas décadas soubo crecer industrialmente, convertendo o paso do Camiño Portugués, nunha nova fonte de riqueza, desenvolvendo un sector servizos equilibrado.

D. SERVIZOS SOCIAIS E EDUCATIVOS EXTERNOS Á ESCOLA

A infraestrutura de servizos educativos, sociais, culturais e deportivos de Padrón, serían os seguintes:

- Dous CEIPs: CEIP Rosalía de Castro e CEIP Flavia.
- 4 escolas unitarias:
- Gardería municipal.
- Dous centros de ensino secundario.
- Unha biblioteca municipal.
- Unha Escola de Música Municipal.
- Escolas deportivas municipais.
- Un centro de saúde.
- Zonas deportivas: un pavillón polideportivo, piscina cuberta, campo de fútbol...

Ademais destes servizos actúan en Padrón asociacións culturais, club deportivos, fundacións, sociedades deportivas, e grupos de iniciativas privadas que inciden igualmente no alumnado.

E. A LINGUA MATERNA

Nas diferentes enquisas elaboradas no centro ó longo dos últimos anos reflíctese que a lingua materna do alumnado do centro é tanto o galego como o castelán, aínda que nas aulas os alumnos/as empregan maioritariamente o castelán.

F. LIMPEZA NO CENTRO

Un dos aspectos que inflúen directamente na convivencia do centro é a limpeza do mesmo.

Non debe ser unha responsabilidade única das traballadoras destinadas para tal efecto, senón que deber ser compartida por todos os membros da comunidade educativa. Os alumnos deben asumir a súa responsabilidade dentro da limpeza e orde dos diferentes espazos que compoñen o colexio. Uns bos hábitos adquiridos dende o primeiro curso de infantil axudarán en gran maneira na mellora da hixiene.

Así mesmo, o profesorado deberá implicarse e comprometerse con este obxectivo dando exemplo ao alumnado e participando na parte que lle corresponda (sobre todo na sala de mestres, titoría e sala de máquinas).

Revisar que queden cousas no chan, evitar pintar cadeiras e mesas, ter colocados os libros e os pupitres son pequenos xestos que sumados contribúen ás tarefas de limpeza.

Organización de residuos:

Todas as aulas contarán con colectores para separar o lixo:

- Gris para desfeitos en xeral
- Laranxa para orgánicos.
- Amarelo para plástico e envases metálicos.
- Azul para papel.

Fronte á porta do patio de primaria estará situada un composteiro; na que se depositarán os restos orgánicos unha vez rematado o recreo.

No medio de cada pasillo, nas aulas, haberá un colector específico de material orgánico para o composteiro

Ao rematar a xornada lectiva o persoal de limpeza deberá recoller polas aulas o depositado nos recipientes

Brigada verde

Os alumnos de primaria encargaranse de formar a “brigada verde” do patio. Durante o recreo irán polo patio con dúas funcións:

- Orientar ao resto de alumnos sobre o colector onde deben tirar o lixo
- Recoller aqueles desperdicios que puidera haber polo patio.

Para facilitar a compostaxe é necesario ir engadindo fracción seca ou material marrón (pequenas ramas, follas secas, etc...) Así que xunto á composteira haberá unha pequena zona de almacenaxe dese tipo de follas e ramas. A brigada verde poderá recollelas polo patio para depositadas alí.

Profesorado

Intentarase facer un uso razoable das fotocopias para non gastar papel innecesariamente, aquelas que saian mal non teñen por que ser tiradas ao lixo, pódese dar outro uso.

A sala de mestres, a titoría e a sala de máquinas deben estar ordenadas, os mestres deben ser responsables destas áreas e intentarán que non se vaian acumulando cousas enriba das mesas.

G. ALUMNADO, PROFESORADO E ESPAZOS DO CENTRO

O colexio Rosalía de Castro é un Centro de Educación Infantil e Primaria, dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Acolle os niveis educativos de Educación infantil e Educación primaria. Conta con 16 unidades, 4 de Infantil e 12 de Primaria (dúas unidades por nivel).

No centro contamos cun número de alumnos e alumnas bastante considerable, atopándose a media dos últimos anos en torno ós 300 alumnos/as repartidos nas etapas de Educación Infantil e Educación Primaria. A maior parte deste alumnado provén da zona de influencia do centro.

A maior parte do alumnado reside na zona rural e fan o camiño da casa ó centro no transporte escolar. Unha mínima porcentaxe do alumnado faino empregando transporte privado.

O plantel actual de profesorado do Centro é de 28 profesores e profesoras repartidos do seguinte xeito.

- 16 mestres/as con titoría.
- 1 mestra de Pedagogía Terapéutica.
- 2 mestras de Audición e Linguaxe.
- 3 mestras de Inglés, unha delas itinerante coas escolas unitarias.
- 1 mestra de Relixión.

- 2 mestres de Ed. Física
- 1 mestra de Ed. Musical
- 1 mestras de apoio de EI.
- 1 Orientador

A ubicación das aulas esta rexida por: criterios legais; para favorecer a autonomía do alumnado e a súa comodidade; polas características de cada aula; e por favorecer a comunicación entre o profesorado do mesmo nivel. Así, as aulas de Infantil están situadas na planta baixa, ademáis de dúas aulas de Primaria, e os restantes na planta superior.

Neste momento contamos no cole cos seguintes espazos:

- 4 aulas de Infantil
- 12 aulas ordinarias de Primaria
- Aula de música
- Aula de inglés.
- Aula de relixión.
- Biblioteca/ aula de informática/ espazo maker.
- Dirección.
- Xefatura de Estudos.
- Secretaría.
- Sala do profesorado
- Dpto. de Orientación
- 1 aula de AL
- 1 aula de PT
- Aula de convivencia.
- Espazo de psicomotricidade.
- 1 ximnasio, con cuartos anexos para gardar o material
- Sala de máquinas (fotocopiadora, etc...)/ conserxería.
- 5 servizos para o alumnado
- 4 baños para profes
- 2 baños múltiples comunicados co ximnasio e co patio con duchas
- Almacén

Con respecto ó alumnado cabe sinalar que actualmente a media de ratio está, como norma xeral, próxima ó que a lei establece como máximo (25). Temos unha media de 20 alumnos/as por aula en Educación Primaria e de 15-20 alumnos/as en Educación Infantil.

Estas ratios tan elevadas en Primaria non favorecen o feito de poder chegar e atender as necesidades individuais de todo o alumnado, véndose así perxudicada a calidade do ensino. Do mesmo xeito, ás veces este elevado número de alumnado por aula dificulta que a convivencia sexa óptima.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO E DO PROFESORADO DO CENTRO:

- Características do alumnado: Trátase dun colectivo moi numeroso de alumnos/as e polo tanto cunhas características persoais moi variadas, podéndonos atopar tanto con alumnos/as propios de vivir nun ambiente rural como con alumnos de ambientes máis urbanos. Cara á convivencia, esta circunstancia ten aspectos positivos.
- Características do profesorado: a maior parte de mestres que forman o claustro son definitivos, o que favorece moito os aspectos de organización e funcionamento do colexio, así como a convivencia. Intentarase mellorar o ambiente de traballo e de convivencia, aumentando a implicación en proxectos comúns e a toma de decisións de xeito multilateral.

2.2. Análise e diagnóstico da situación de convivencia no centro.

No que se refire aos conflitos de convivencia entre o alumnado do centro que se detectan no noso entorno, podemos diferenciar, de xeito global, dous ámbitos: o que corresponde á convivencia dentro do grupo-clase (na aula e no grupo de compañeiros/as do mesmo nivel), e os que derivan da convivencia nos espazos comúns, sobre todo durante os tempos de lecer (corredores, patio, biblioteca, ximnasio... e cos alumnos/as dos distintos niveis).

- a) **Convivencia do grupo-clase:** en xeral, o grao de convivencia de grupo é

bastante positivo, iso non exclúe que se produzan ás veces conflitos coma os seguintes:

- Discusións e disputas por cuestións derivadas da convivencia cotiá.
- Loitas de poder entre alumnos/as que pretenden o liderado do grupo.
- Interferencias causadas por alumnos/as desmotivados, que resultan molestos para os que participan na dinámica de aula.
- Conflitos derivados de relacións interpersoais e familiares de carácter negativo, existentes fóra da escola (pobo), e que as veces teñen a súa proxección dentro do colexio.

b) **Convivencia nas zonas comúns:** cómpre salientar que nos espazos comúns existen relacións interpersoais entre todos os alumnos/as do centro que contan con idades comprendidas entre 3 e 12 anos. Ás veces aprécianse actitudes proteccionistas do alumnado de maior idade con respecto aos máis cativos (sobre todo entre irmáns). Así, a maioría dos conflitos xéranse entre alumnado de idades próximas, ou da mesma idade, detectándose máis problemas de convivencia entre alumnos/as de cursos próximos que entre os que separa unha maior franxa de idade. A maioría dos problemas derivan dos xogos que se realizan durante os tempos de lecer (por exemplo, o fútbol nas pistas resulta unha fonte de conflitos habitual). Para evitar este tipo de situacións aplicouse calendario de xogos semanal para intentar solucionar os problemas derivados dos xogos que se realizan no tempo de lecer.

Os conflitos con consecuencias serias non son frecuentes, e as liortas nas que se fai uso da forza son illadas e circunstanciais. Cando existe conflito entre os alumnos/as, normalmente estes recorren ao profesorado de garda para que medie. Con todo, nas zonas comúns adoitan producirse conflitos coma os seguintes:

- Disputas que xorden mentres se efectúan xogos colectivos, ben polo desequilibrio de forza entre os participantes, que ás veces da en mancaduras ou pequenas lesións, ben pola

loita de liderado on ben polo desequilibrio entre os participantes.

- Discusións por incumprimento das regras de xogo en deportes colectivos (fútbol, xogos de pillar,...).
- Queixas polo uso desproporcionado da forza por parte dalgún alumno/a máis agresivo durante a súa participación en xogos comúns.
- Queixas por incumprimento das regras xerais do centro (uso das pistas, do areeiro,...)
- Enemistades de carácter privado que se proxectan no medio escolar.

A principal causa de conflitos, independentemente do entorno en que se manifesten, ven sendo a individualidade, o afán dalgúns alumnos/as por controlar a territorialidade, que deriva nunha dificultade por parte dalgún alumnado no respecto das normas de convivencia. Estas actitudes son o reflexo dunha sociedade individualista, na que dende moi cedo se vive en primeira persoa todo o entorno, normalmente acompañado dun cumprimento inmediato de tódolos desexos individuais, como centro de toda experiencia vital. Este egocentrismo, unido ao costume de escoitar “si” a tódalas súas demandas, e a percepción de que o único límite para o cumprimento dos seus desexos é un mesmo, fai que a realidade da convivencia escolar sexa na actualidade un obxectivo de traballo en todos os ámbitos da sociedade.

Por outra banda, o debilitamento do principio de autoridade, tanto dentro da propia familia como nos demais ámbitos, determina un caldo de cultivo bastante complexo que cómpre modificar cara comportamentos que nada teñen que ver cunha convivencia propia dun medio educativo tal é a escola.

Con todo, os conflitos de convivencia neste centro resultan insignificantes se tomamos como referente outras realidades existentes hoxe en día derivan xeralmente da propia dinámica do día a día da vida en común.

En definitiva, tratarase de transmitir ó alumnado que o sinal que limita os abusos nos comportamentos individuais é o recoñecemento, por parte de todos/as, de que a **liberdade individual acaba onde comeza a dos demais.**

3. CONCRECIÓN DO PLAN

3.1. Obxectivos, fins e principios do plan.

A finalidade última deste Plan de Convivencia será a de favorecer e axudar a desenvolver as diferentes propostas educativas que nos axuden a acadar unha formación do alumnado baseada no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio consciente da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos, así como a desenvolver a motivación do alumnado cara á aprendizaxe, tanto individual como grupal, mellorando a cohesión e interrelación da comunidade educativa.

Deste xeito, os principios fundamentais sobre os que se apoiará o citado Plan estarán directamente relacionados cunha transmisión de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, principios todos que constitúen a base da vida en común.

3.2. Obxectivos xerais do Plan de Convivencia.

O Plan de Convivencia contribuirá á consecución dos seguintes obxectivos xerais (Art. 12º D 8/2015):

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizados como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias personal, social e de aprender a aprender e competencia cidadá.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

3.3. Obxectivos específicos.

Co presente Plan de Convivencia, e apoiándonos na análise previa realizada en relación á convivencia no centro, preténdense acadar os seguintes obxectivos específicos:

- Mellorar a convivencia xeral no centro entre todos os membros da comunidade educativa, incluído o comedor escolar.
- Preparar ó alumnado para a vida social adulta.
- Asumir e practicar valores cívicos e democráticos por parte de todos os membros da comunidade educativa: respecto por persoas, bens, tolerancia, solidariedade, igualdade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres,...
- Mellorar o clima escolar: espazos, atmósfera ordenada e tranquila, actitude de traballo, relacións dentro e fóra das aulas,...

- Atender á diversidade dende o respecto e a comprensión das necesidades dos demais.
- Fomentar a coeducación e a igualdade entre homes e mulleres.
- Propiciar a resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver no alumnado actitudes de respecto á dignidade persoal, á tolerancia, á non discriminación e ao exercicio da liberdade responsable.
- Protexer ós alumnos/as contra agresións físicas e morais.
- Dar resposta inmediata a situación de acoso e intimidación entre iguais no que se refire á súa prevención, tratamento e erradicación.
- Sensibilizar a todos os membros da Comunidade educativa sobre os temas de alteración do comportamento, de acoso e intimidación, promovendo a participación no labor formativo.
- Aproveitar as situacións cotiás da vida escolar para converter o Centro nun espazo que propicie a aceptación social e persoal de todos os implicados no acto educativo, onde se tomen en consideración as emocións e sentimentos das persoas a través do diálogo, a tolerancia e o respecto mutuo, onde se poidan adquirir novas formas de relacionarse (conduta asertiva-cooperación), en definitiva nun espazo de paz que procure o desenvolvemento integral de nenos e nenas en harmonía co entorno e cos seus iguais.

3.4. Actuacións, medidas ou programas a desenvolver para favorecer a convivencia no centro.

3.4.1. Organización XERAL da convivencia do centro.

Como norma xeral, cando se producen conflitos de convivencia entre o alumnado, dependendo da tipificación do conflito, o contexto no que se producise, e a natureza do mesmo, realízase inicialmente unha labor de **mediación**. Nun primeiro intre, o profesorado implicado en cada circunstancia concreta, así como os titores/as do alumnado entre os que se produce o conflito, e o Equipo Directivo se fose necesario,

levan a cabo un rol de moderadores do conflito, tentando reconducir a situación a través da reflexión sobre os feitos acaecidos, buscando inicialmente a empatía cara a outra parte en conflito por parte de cada un dos afectados. Normalmente, realizando algunha actividade conxunta que reporte un beneficio común, mellora a situación e tende a non repetirse.

Cando o conflito sobrepasa un certo límite da agresividade verbal e/ou física, xorde a necesidade de aplicar o recollido nas NOFC en función de cada circunstancia concreta. Deste xeito realízase unha tarefa de recondución das condutas máis aló do ámbito punitivo, implicando tamén, e se procede, ao grupo social inmediato ao que pertence cada un dos alumnos/as (grupos-clase). Trátase de chegar a unha aprendizaxe conxunta e a un aproveitamento didáctico da situación de conflito a partir do conflito en si. Este protocolo é coñecido e respectado por todo o profesorado do centro, polo que a coordinación nestas circunstancias habitualmente é absoluta.

No referente aos grupos familiares, agás en casos excepcionais, a colaboración co profesorado é axeitada, constituíndo un reforzo imprescindible das actuacións levadas a cabo dende o centro no que se refire á resolución de conflitos. É de recibo sinalar que, cando isto non ocorre, e a familia non se manifesta aberta á colaboración, plantéxase no alumnado unha indesexada sensación de impunidade e desautorización do profesorado.

- ***NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO E DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.***

As normas de convivencia do centro serán a base fundamental para garantir unha correcta convivencia do centro polo que estarán apoiadas no respecto dos dereitos e deberes da comunidade educativa que se recollen a continuación e que así aparecen reflectidos nos artigos 6, 7, 8 e 9 da Lei 4/2001 de convivencia e participación da comunidade educativa.

Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.

As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos on fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes **dereitos** de convivencia e

participación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos on pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes **deberes**:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Dereitos e deberes do alumnado.

Recoñécenselle ao alumnado os seguintes **dereitos** básicos de convivencia escolar:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao

pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo .

- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da citada lei.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Serán **deberes** básicos de convivencia do alumnado.

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Dereitos e deberes do profesorado.

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar,

recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da lei 4/2011.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Son **deberes** do profesorado:

- a) Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación

das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos on fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.

Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) A protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV.

Serán **deberes** do persoal de administración e de servizos:

- a) Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación

das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

En base a estes dereitos e deberes outorgados ós membros da comunidade educativa establécense as seguintes **normas de convivencia** para o centro que terán como obxectivo fundamental, desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

A comunidade educativa do CEIP Rosalía de Castro, a través dos seus representantes nos diferentes órganos de participación na organización do centro, elabora e aproba as seguintes normas de convivencia, que serán de obrigado cumprimento por todos os membros da comunidade educativa:

- Todo alumno/a matriculado no centro deberá asistir diariamente a clase e con puntualidade, co material escolar preciso en cada momento e correctamente aseado (considérase falta de puntualidade para o alumnado chegar ó centro despois das 10.00 h.).
- As faltas de asistencia terán que ser xustificadas polos pais/nais ou tutores legais o antes posible (como máis tarde antes de que remate o mes no que se produciu a falta en cuestión) seguindo os procedementos establecidos para tal fin (En EP seguindo o protocolo de absentismo escolar establecido pola consellería de obrigado cumprimento e en EI coa xustificación dos pais).
- O alumnado deberá seguir as orientacións do profesorado, mostrándolle sempre respecto e educación.
- Todos os membros da comunidade educativa serán escoitados con respecto e educación.
- Ningún membro da comunidade educativa poderá ser discriminado por

razón de nacemento, raza, sexo, relixión, vestimenta ou calquera outra circunstancia.

- Todos os membros da comunidade educativa deberán coidar e empregar correctamente todas as instalacións do centro así como respectar as pertenzas doutros membros da comunidade educativa así como as súas propias.
- As relacións entre os diferentes membros da comunidade educativa serán cordiais e de respecto mutuo, evitando insultos, agresións,...
- Dentro das instalacións do centro moderarase o ton de voz, evitarase correr e berrar polos corredores, escaleiras,... entrando e saíndo do mesmo con orde.
- A entrada e saída do alumnado ó centro farase en orde e intentando regular o ton de voz.
- O alumnado non poderá saír da súa aula sen o permiso do mestre que nese intre estea na aula. Nos cambios de clase o alumnado deberá permanecer nas súas aulas sen saír ós corredores nin ó servizo sen o permiso dun mestre.
- Fóra do horario lectivo o alumnado non poderá permanecer nos corredores nin nas aulas sen a debida autorización dun mestre e sempre acompañado por unha persoa responsable (mestre ou persoal de limpeza).
- Todo o alumnado debe participar activamente na vida e funcionamento do centro, así coma nas diferentes actividades organizadas dende o mesmo.
- Respecto ó desenvolvemento das clases, procurarase responder sempre ós obxectivos propostos nas diferentes programacións e respectando os horarios establecidos.
- Todo o alumnado deberá traer feitas da casa as tarefas propostas polos diferentes mestres (decisión tomada a nivel de centro a comezo de curso) e entregar os traballos nas datas indicadas.
- Todo alumnado deberá asistir ó centro acompañado do material escolar necesario para desenvolver as tarefas da aula.
- Todo o alumnado deberá cumprir as normas establecidas na súa aula así como as establecidas con carácter xeral para as actividades complementarias e extraescolares.
- Queda prohibido por parte do alumnado o uso de teléfonos móbiles,

dispositivos electrónicos ou calquer outro obxecto que non teña fins pedagóxicos no centro durante os períodos lectivos (Art. 19.4 D. 8/2015). Os diferentes aparellos electrónicos poderán ser empregados no centro durante o horario lectivo sempre e cando o seu uso sexa exclusivamente con fins pedagóxicos, supervisado o seu uso polo mestre responsable en cada momento.

- Todo alumnado do centro poderá asistir ó centro vestido libremente, respectando sempre as premisas seguintes: dita vestimenta non atente contra a dignidade de ningún, non supoña unha discriminación por razón de sexo ou supoña un risco para a súa saúde ou integridade persoal nin a dos demais membros da comunidade educativa e non impidan nin dificulten a normal participación e funcionamento do alumnado nas diferentes actividades educativas. (Art. 19.3 Decreto 8/2015).
- Para a resolución de conflitos entre os membros da comunidade educativa será obrigatorio o uso do diálogo cordial, evitando agresións físicas nin verbais.
- Todo o alumnado deberá comprender as normas establecidas na súa aula así como as establecidas con carácter xeral para as actividades complementarias e extraescolares.
- Todos os membros da comunidade educativa respectarán o proxecto educativo do centro así como estas normas de convivencia na medida que lles afecten, tanto durante o período lectivo coma durante o desenvolvemento das actividades complementarias e/ou extraescolares nas que se participe, podendo ser amoestados coa privación de ditas actividades se non se cumprisen ditas normas.
- Durante o período do recreo só se poderá usar o balón nas pistas ou no pavillón (acompañados sempre dun mestre/a responsable) e seguindo o calendario establecido.
- Durante os recreos o alumnado non poderá permanecer só nas aulas nin nos corredores baixo ningún concepto, agás que o faga acompañado dun mestre ó seu cargo.
- O profesorado encargado das quendas de recreo deberá atender as demandas e problemas que poidan xurdir nos patios de recreo, procurando que os

conflictos xerados queden resoltos no patio para que estes incidan o menos posible nas posteriores clases. Será moi importante atender sempre as demandas do alumnado, e especialmente no que atinxe a agresións verbais ou físicas. No caso de que os feitos constitúan unha falta, será comunicada ó titor e á xefatura de estudos.

- Durante o horario lectivo, e salvo autorización expresa da dirección do centro, e co fin de garantir a seguridade do alumnado e favorecer o desenvolvemento normal das diferentes sesións de docencia, prohíbese a entrada ós corredores e ás aulas do centro de toda persoa allea (pais/nais, comerciais, etc.).
- Ningún alumno/a poderá ser enviado ós corredores do centro como castigo a unha conduta determinada. Nos casos nos que sexa preciso sacar a un alumno/a da aula ordinaria empregárase a aula de convivencia inclusiva.
- Quedará prohibido todo aquel obxecto ou material que se considere perigoso, nocivo ou dañino, así como os que poidan alterar o bo desenvolvemento de actividades académicas (petardos, chisqueiros, . . .).

- ***CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN***

Todas aquelas condutas que non respecten as normas de convivencia establecidas anteriormente terán que ser corrixidas, sempre dende unha perspectiva educativa e tratando de ser o máis xustos posibles, seguindo o procedemento establecido nas NOFC do centro e no decreto 8/2015, de 8 de enero.

As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

- a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- b) Condutas leves contrarias á convivencia.

Reparación de danos causados

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por descoido, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais

e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, haberá de repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, no seu caso, correspondan.

Ámbito de corrección

Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fose do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa.

Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- a. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

- d. A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e. As actuacións que constitúan acoso escolar de acordo con o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g. Os danos graves causados de forma intencionada ou por descoido grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h. Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, se reputará indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o apartado terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l. O incumprimento das sancións impostas.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito para participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnico, relixioso, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nos apartados e) ou f) do apartado citado anteriormente.

A proposta de cambio de centro

A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional.

Esta medida correctora non poderá propoñerse ao alumnado que curse o ensino obrigatorio cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta os ensinados que curse.

A proposta de cambio de centro poderá supoñer o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.

Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos apartados precedentes deste artigo e, despois da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, achegándolle o expediente do devandito procedemento corrector.

A xefa ou o xefe territorial correspondente, despois de analizar o caso e tendo en conta do informe da Inspección Educativa, autorizará, no seu caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

Aplicación das medidas correctoras

A dirección do centro, a proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impondrá as correccións enumeradas anteriormente, de conformidade cos procedementos previstos.

Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o que consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o cambio na súa actitude e na súa conduta.

Condutas leves contrarias á convivencia

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa no apartado a), os actos de discriminación do apartado b), os actos de indisciplina do apartado c), os danos do apartado g), os actos inxustificadas do apartado h) e as actuacións prexudiciais descritas no apartado i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo co apartado j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e a equipo precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do CEIP Rosalía de Castro.

Medidas correctoras

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito para participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado realizará os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Responsables da aplicación das medidas correctoras

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nos apartados a), b) e c).
- b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nos apartados a), b), c) e d) .
- c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nos apartados a), c), d), e) e f).

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nos apartados g) e h). A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas fáganse efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

- ***NORMAS DE CONVIVENCIA COMEDOR ESCOLAR***

Obxectivos para a convivencia:

- Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.
- Promover a cooperación dos alumnos implicándoos, segundo as súas posibilidades, en tarefas de comedor.
- Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara tódolos membros da comunidade escolar
- Lograr un comportamento correcto na mesa.
- Lograr un ambiente agradable evitando o exceso de ruídos.
- Coidar e respectar os locais, mobiliarios, aparellos e utensilios de uso común.
- Lograr que as entradas e saídas ao comedor sexan ordenadas.
- Favorecer a comunicación cos compañeiros en actividades non académicas, fomentando o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia.
- Valorar e respectar outro tipo de traballos (persoal colaborador, cociñeiros, etc.)

Condutas contrarias á convivencia e sancións

Considérase condutas contrarias á convivencia o incumprimento de calquera das obrigacións contempladas no presente Regulamento e no Regulamento de Réxime Interior. As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en:

a) Son infraccións leves:

- Desobedecer levemente as indicacións dos coidadores.
- Entrar ou saír do comedor de maneira desordenada.
- Cambiarse de mesa sen permiso dos coidadores.
- Levantarse do sitio sen causa xustificada.
- Facer ruído ou gritar.

- Entrar ao comedor con obxectos non permitidos.
- Faltar ao respecto levemente a outros alumnos.
- Sacar comida ou calquera utensilio do comedor.
- Calquera outra conduta que afecte levemente o respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Son infraccións graves:

- Desobedecer gravemente as indicacións dos coidadores.
- Incumprir de maneira reiterada os horarios do comedor.
- Saír do comedor sen permiso dos monitores.
- Entrar na cociña.
- Faltar ao respecto, nas dependencias do comedor, a profesores, monitores, persoal de cociña e/o a outros alumnos.
- Deteriorar a propósito o material propio do comedor.
- Tirar intencionadamente comida ao chan ou a outros compañeiros.
- Saír do Centro sen permiso durante o horario de comedor.
- Os actos de indisciplina que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades de comedor.
- Reiteración de catro faltas leves.
- Calquera outra conduta que afecte gravemente o respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

c) Son infraccións moi graves:

- Deteriorar intencionada e gravemente as dependencias do centro ou o material do comedor.
- Realizar actuacións prexudiciais para a saúde.
- Calquera conduta que supoña unha agresión grave física ou psicolóxica a profesores, a coidadores, ao persoal de cociña ou a outros alumnos.
- O incumprimento dunha sanción por falta grave.
- A comisión de dúas ou máis faltas graves nun prazo de 30 días naturais.
- Calquera outra conduta que afecte gravemente o respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

As **sancións** aplicables ás infraccións previstas no presente Regulamento son as seguintes:

Frente ás infraccións leves:

- Amoestación verbal ao alumno/a.
- Separación temporal do seu grupo de referencia ou da súa mesa de comedor e integración noutro grupo ou mesa.
- Realización de tarefas de comedor relacionadas coa falta cometida.

Estas sancións poderán ser impostas polo encargado do comedor.

Frente ás infraccións graves:

- Calquera das contempladas para as infraccións leves.
- Amoestación por escrito ao alumno, con comunicación aos seus pais ou titores.
- Separación permanente do seu grupo de referencia ou da súa mesa de comedor.
- Separación dos restantes alumnos, durante un período non superior a 5 días.
- Expulsión temporal do comedor durante un período non superior a 5 días.
- Reparación dos danos causados.

Estas sancións serán impostas polo director do centro, e serán comunicadas aos pais ou titores.

Frente ás infraccións moi graves:

- Calquera das contempladas para as infraccións graves.
- Expulsión temporal do servizo de comedor, de 6 días a 1 mes.
- Expulsión definitiva do servizo de comedor.

Corresponde a imposición destas sancións ao Equipo Directivo do Centro, previa audiencia aos pais ou titores.

PROCEDIMENTO DE IMPOSICIÓN DE SANCIONES

Disposicións xerais:

1. As correccións terán carácter educativo e reparador.
2. As sancións aplicadas aos alumnos infractores en ningún caso poderán perxudicar á súa escolarización, nin se privará aos alumnos da ración completa de comida que está establecida no menú.
3. Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física ou á súa dignidade.
4. A imposición das correccións respectará a proporcionalidade coa conduta do alumno
5. No procedemento sancionador deberá terse en conta a idade do alumno e as súas circunstancias persoais, familiares ou sociais, tanto para decidir a

imposición ou non da sanción, como a efectos de graduar a aplicación da sanción.

Imposición das sancións

a) A imposición das sancións previstas para as infraccións leves non requiren da tramitación de ningún procedemento.

b) A imposición das sancións previstas para as infraccións graves, en tanto non consistan nas medidas correctoras previstas para as infraccións leves, tan só, previa consulta ao Equipo Directivo, precisan da comunicación aos pais ou tutores da imposición das sancións, que, no caso da expulsión temporal do comedor, haberá de facerse con carácter previo á súa efectividade.

c) Para a imposición das sancións previstas para as infraccións moi graves seguirase o seguinte procedemento:

I. Unha vez comunicada a infracción ao equipo directivo, este designará un instrutor que solicite información sobre o feito. O instrutor, solicitada a información que estime conveniente, de considerar xustificada a imposición dunha sanción trasladará a súa proposta de sanción ao director nun prazo non superior a tres días lectivos.

II. Comunicarase por escrito aos pais e/o tutores os feitos labores, a infracción que se lle imputa ao alumno e a sanción proposta, co fin de que aleguen no prazo máximo de dous días lectivos o que estimen oportuno.

III. O director impondrá, no seu caso, a sanción correspondente, e comunicará á familia a decisión no prazo máximo de dous días lectivos a contar desde o fin do prazo sinalado no apartado anterior.

IV. En tanto a dirección do centro resolva, poderán adoptarse cantas medidas provisionais considérense oportunas para manter o bo funcionamento do servizo.

V. O director poderá delegar nun membro do equipo directivo a competencia para impondér as sancións contempladas no presente regulamento.

Rexistro de incidencias:

Existirá un rexistro de incidencias relacionadas co comedor escolar, baixo a custodia da persoa encargada do comedor, no que quedarán anotadas as infraccións cometidas polos alumnos e as sancións impostas. En ningún caso quedarán anotadas as incidencias relativas a expedientes que non finalicen coa imposición de sanción.

As incidencias e o seu rexistro prescribirán ao finalizar o curso escolar.

• *COMISIÓN DE CONVIVENCIA*

O régime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (sección 3ª) e no Artigo 6 do Decreto 8/2015. En todo caso, o funcionamento xeral da Comisión de Convivencia será o seguinte:

COMPOSICIÓN. (Artg. 17 lei 16/2010 e Artg. 6 D 8/2015)

Seguindo a normativa vixente, a comisión de convivencia constituirase no seo do seu consello escolar e integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta por representantes do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos, todas elas na mesma proporción en que se encontrar representadas no consello escolar do centro. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións.

Excepcionalmente, a composición da comisión de convivencia poderá variar naqueles casos nos que haxa que tratar temas disciplinarios relacionados cun familiar de 1º ou 2º grao dalgún dos membros de dita comisión. Cando tal circunstancia se produza, o membro ou membros da comisión afectado non será convocado á sesión ou sesións en cuestión, sendo competencia dos demais compoñentes da comisión adoptar as decisións que se consideren oportunas.

Polo tanto, como norma xeral, as persoas integrantes da comisión de convivencia do centro nomeadas polo director en consello escolar, a proposta dos colectivos representados, son as seguintes:

- Presidente: Octavio Sánchez Mallo (Director).
- Representantes do profesorado: Almudena Ramírez Abal e
Susana Castro Mouriz
- Representantes das familias: María Basadre.
- Representantes do persoal de administración e servizos: Manuel Rivas.

- Secretario/a: Susana Castro Mouriz.
- Orientador: Octavio Sánchez Mallo.
- Xefa de Estudos: María Victoria González Diéguez.
- Persoa encargada da coeducación: María Isabel Fernández Maneiro.

Renovación dos membros.- A renovación dos membros da comisión de convivencia correspondente ós representantes de profesorado e de pais/nais realizarase parcialmente cada dous anos aplicando un procedemento similar ó que se aplica para a renovación dos membros do consello escolar.

Merecen especial atención os casos dos representantes de profesorado correspondentes ás figuras do orientador/a e do xefe/a de estudos. Aínda que a súa presenza na comisión non teña carácter obrigatorio, serán membros da comisión de convivencia, estando a súa presenza na comisión garantida. Polo tanto, nestes casos a renovación non lles afectará e soamente cambiarán no caso de que cambie a persoa que exerza dito posto. No caso de que haxa cambio de equipo directivo, o mestre da comisión de convivencia que era xefe de estudos será substituído inmediatamente polo do novo equipo directivo.

O mesmo acontecerá cando un fillo/a dun dos representantes de pais/nais de alumnos/as cause baixa no centro por algún motivo. Cando isto aconteza o pai/nai en cuestión será substituído por outro que será proposto provisionalmente polos propios pais/nais da comisión mestres non haxa novas eleccións.

Presidencia (art. 16 lei 16/2010).

O director/a do centro desempeñará a función da presidencia da comisión de convivencia e terá condición de membro da comisión, correspondéndolle as seguintes funcións:

- Representar á comisión de convivencia.
- Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a celebración da orde do día, tendo en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros formuladas coa suficiente antelación (como máximo 15 días antes da celebración da sesión).
- Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos

por causas xustificadas.

- Dirimir co sen voto os empates, a efectos de adoptar acordos.
- Asegurar o cumprimento das leis.
- Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.

Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade ou outra causa legal, o presidente/a será substituído polo xefe/a de estudos. De non estar presentes ningún dos dous membros aplazarase a sesión ata que algún dos dous estea dispoñible.

Secretaría (art. 18 lei 16/2010).

A comisión de convivencia terá como secretario/a o membro de menor idade propio da mesma. Nos casos nos que sexa preciso a substitución temporal da persoa que exerza a secretaría nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, esta realizarase seguindo o mesmo criterio de idade, sendo polo tanto substituído polo membro da comisión de menor idade.

Corresponderanlle ó secretario/a as seguintes funcións:

- Asistir ás reunións con voz e con voto, posto que é membro da comisión.
- Efectuar as diferentes convocatorias das sesión da comisión de convivencia por orde da presidencia, así como as citacións ós seus membros a través das canles que se consideren máis axeitadas dende a dirección do centro e que aseguren a recepción da convocatoria.
- Recibir os actos de comunicación dos membros coa comisión e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
- Preparar o despacho dos asuntos a tratar e redactar e autorizar as actas das sesión.
- Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
- Aquelas outras funcións que pola súa condición de secretario/a lle sexan atribuídas.

FUNCIÓNS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA (Art. 6 D8/2015)

A comisión de convivencia velará pola correcta aplicación do disposto neste plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

Ademais exercerá, por delegación do consello escolar, as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvoltas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras adoptadas nos casos de faltas graves nos termos en que fosen impostas e informar ó consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar a concreción anual do plan de convivencia
- i) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflíctan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- j) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado

titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS.

Convocatorias e sesións .

A Comisión de convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros (Art. 6 D 8/2015).

As convocatorias das sesións ordinarias serán realizadas por correo electrónico cunha semana de antelación. As convocatorias extraordinarias realizaranse igualmente por correo electrónico pero con 48 horas de antelación.

Para a válida constitución da comisión de convivencia, a efectos de celebración das diferentes sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do presidente/a e do secretario/a ou, no seu caso, daqueles membros que os substitúan, e de polo menos a metade dos seus membros.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros da comisión de convivencia e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Os acordos serán adoptados por maioría simple de votos.

Calquera membro da comisión de convivencia podera dirixirse ó secretario/a para que lles sexa expedida unha certificación dos acordos adoptados.

Actas.

De cada sesión que celebre a Comisión de Convivencia o/a secretario/a levantará a acta correspondente na que se especificará: os asistentes, a orde do día da reunión, as

circunstancias do lugar e do tempo no que se celebrou, os puntos principais das deliberacións así como o contido dos acordos adoptados.

Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas contando dende o momento no que o presidente de por finalizada a sesión, que se incorporará ó texto aprobado.

As actas aprobaranse na mesma on na seguinte sesión. Non obstante, o secretario poderá emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptaron, sen prexuízo da posterior aprobación da acta. Nas certificacións que se fagan sobre os acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta, farase constar expresamente tal circunstancia.

- ***AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA***

A aula de convivencia inclusiva é unha medida **ordinaria** de atención á diversidade dirixida fundamentalmente ó alumnado que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ó centro. Do mesmo xeito, esta aula tamén poderá ser empregada naqueles casos nos que o comportamento dun alumno/a distorsione o normal desenvolvemento das diferentes sesións pero sen chegar a ser dito comportamento o suficientemente grave como para ser privado do seu dereito de asistencia ó centro.

A súa finalidade principal será pois a de converterse nunha alternativa á expulsión do centro para aquel alumnado sancionado con esta medida (ou para o alumnado cuxo comportamento distorsione o normal funcionamento das clases) tratando de buscar sempre a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible a través de apoios e formación específica deste alumnado.

Así, os obxectivos fundamentais desta aula serán os seguintes:

- Axudar a adquirir unha boa disposición cara as tarefas escolares e compensar as carencias que lles impiden a algún alumnos/as a súa inclusión escolar.
- Reconstruír e favorecer a súa autoestima e as habilidades de pensamento reflexivo e de autocontrol.
- Favorecer no alumnado a comprensión do alcance que poden chegar a ter as

súas condutas para si mesmo e para os demais así como a importancia da responsabilidade das súas accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cara aos demais.

- Habilitar un espazo que lle proporcione ó alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conduta contraria ás normas de convivencia, o seu comportamento en determinados conflitos e sobre como afecta todo iso ó desenvolvemento das clases.

A **organización e funcionamento da aula de convivencia inclusiva** do centro rexerese pola normativa reguladora vixente neste eido (Artigo 8 D 229/2011 ; Artigo 19,3 Lei 4/2011 ; Artigo 25 D 8/2015),) quedando recollida nos seguintes apartados.

- Creación da aula de convivencia.- A aula de convivencia quedará oficialmente creada a partir da data de aprobación do presente documento.
- Localización da aula de convivencia: como norma xeral, situarase no departamento de orientación (por non existir espazo físico no centro alternativo para a súa ubicación).
- Material didáctico da aula de convivencia: materiais existentes no departamento de orientación que poidan ser empregados polo mestre responsable da aula de convivencia en cada momento.
- Responsables da aula de convivencia/gardas. Como norma xeral, o responsable da mesma será o orientador. No caso de non existir dispoñibilidade do orientador, dende a xefatura de estudos asignarase un mestre de garda para que se faga cargo do alumnado que poida estar en dita aula.
- Derivación dun alumno/a á aula de convivencia. Como norma xeral, un alumno será derivado á aula de convivencia cando: amose condutas disruptivas na clase e estas afecten directamente sobre os seus compañeiros ou dificulten o desenvolvemento da sesión; amose dificultades de autocontrol e mala disposición cara as tarefas escolares e o mestre en cuestión esgotase outras medidas menos radicais de modificación da conduta; nos casos de expulsión do centro cando esta non favoreza a corrección da conduta,. . . A decisión de derivar a un alumno/a á aula de convivencia será tomada polo/a mestre/a que no momento concreto no que

se produce o incidente estea ó seu cargo. Esta decisión comunicarase o máis pronto posible ó titor/a do alumno/a, así como á xefatura de estudos, para que lle sexa tamén comunicada á familia correspondente.

- Actuacións na aula de convivencia. Como norma xeral, e nos casos nos que a permanencia do alumno/a na aula de convivencia sexa inferior a unha sesión, a maior parte das actividades a realizar nese tempo xirarán en torno á realización de actividades básicas axeitadas á idade e dirixidas á reflexión da conduta realizada e ó seguimento de programas de habilidades e competencia social. Nos casos nos que a permanencia do alumno/a na aula de convivencia non sexa puntual e se prolongue máis aló dunha sesión, o mestre que o remitiu á aula de convivencia remitirá tamén as tarefas a realizar en dita aula así como será el o encargado de corrixilas e avalialas. O mestre da aula de convivencia encargarse de supervisar a execución das actividades propostas polo mestre/a así como realizar paralelamente actividades de reflexión e programas de habilidades sociais.
- Horario e condicións de funcionamento da aula.- A aula de convivencia empregarase como recurso a adoptar ante determinados casos relacionados con problemas de conduta do alumnado do centro seguindo as directrices xerais expostas nos apartados anteriores. Un alumno/a poderá ser derivado á aula de convivencia cantas veces se considere necesario sen existir un número máximo de veces.

Como norma xeral, non se poderá remitir a un alumno/a á aula de convivencia durante o tempo de recreo. No caso de que se queira que un alumno sexa privado da asistencia ó recreo, o encargado da súa custodia durante ese tempo será o mestre que impuxo o correspondente castigo.

- Rexistro do alumnado que é remitido á aula de convivencia. En xefatura de estudos existirá unha folla de rexistro na cal se recollerán os datos do alumnado que foi remitido á mesma. Nesa folla de rexistro recollerase a seguinte información: nome e apelidos do alumno/a; curso; motivo polo que é derivado á aula de convivencia; mestre/a encargado de propoñer a medida; área que se estaba traballando no momento de adoptar a medida; data e duración da medida.

3.4.2. Protocolos e programas específicos.

Entre os diferentes protocolos e programas específicos que poden facilitar a convivencia escolar no centro destacaremos os seguintes:

- Protocolo de acoso escolar.
- Protocolo de mediación.
- Programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais.
- Plan de traballo coordinadora bienestar e convivencia.

PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR

O protocolo de acoso escolar e ciberacoso rexerase polo **Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso educonvives.gal** nos centros sostidos con fondos públicos da comunidade autónoma de Galicia. Polo tanto, ante a sospeita de presenta de casos de acoso escolar ou ciberacoso no centro porase en marcha dito protocolo seguindo estritamente as instrucións dadas no mesmo.

Enténdese acoso como manifestacións de maltrato tanto verbal (a través de insultos, alcumes, desprestixio...) como físico, contra a persoa vítima ou os seus obxectos persoais. Tamén hai que ter en conta situacións de intimidación, tales como ameazas, chantaxes, roubos... e, por último, situacións de illamento.

PROTOCOLO DE PREVENCIÓN

Por outra parte, e en relación con este tema, trataranse de por en marcha dende o centro diferentes medidas de **prevención** do acoso escolar. Estas medidas preventivas fomentarán o desenvolvemento social do alumno/a e levaranse a cabo de xeito coordinado entre o profesorado do centro, liderado polo equipo directivo e co asesoramento do departamento de orientación. Estas medidas transmitiranse a todos os sectores da comunidade educativa.

Polo tanto, o realmente apropiado sería establecer na dinámica de convivencia do centro estratexias preventivas que evitasen chegar a situacións de acoso escolar.

Para permitir unha verdadeira prevención, será prioritaria a concienciación do maior número de membros da comunidade escolar respecto de dous aspectos:

- Conseguir a comprensión o máis obxectiva posible do fenómeno de acoso escolar, empregando regularmente elementos de medición que permitan prever posibles situacións deste.
- Crear unha conciencia colectiva das normas mínimas de convivencia que todo membro desa comunidade ten que cumprir.

Así, plantéxanse as medidas preventivas a dous niveis fundamentais:

Estratexias organizativas e de prevención a nivel de centro.

Como norma xeral trataranse de adoptar as seguintes medidas organizativas e de

prevención que contribúan á mellora do clima xeral do centro:

- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- Potenciar o funcionamento da Comisión da convivencia do centro.
- Adoptar un estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas.
- Solicitar o apoio e o asesoramento do orientador ante os indicios ou situación que poden derivar en posible acoso.
- Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro.
- Impulso e actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos.
- Posibilidade de crear comisións de investigación sobre problemáticas relacionadas con situacións de violencia escolar, comportas por alumnado e profesorado.
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das NOFc.
- Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Organización de grupos de traballo que favorezan as relacións persoais.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos ciclos ou cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial a competencia social e cidadá.
- Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.
- Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.
- Protocolos de información ante unha situación de acoso (seguimento do protocolo xeral ofrecido dende a dirección xeral de educación).
- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de

confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións; taboleiro de denuncias e queixas vía telemática, correo electrónico de solicitude de axuda...

- Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...
- Mellorar as zonas de ocio, organizar grupos de xogo, evitar xogos conflictivos (os xogos nas pistas sempre causan conflitos, polo que se deberán tomar medidas)
- Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal na dinámica xeral do centro.
- Creación das condicións favorables para a inserción de programas de mellora da convivencia: programas específicos de resolución de conflitos, programas de mediación en conflitos e axuda entre iguais...
- Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa, orientados á construción dunha convivencia positiva.
- Elaboración de orientacións e establecemento de programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos:
 - Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro. ..
 - Formación de familias: pautas para previr o acoso e outras formas de violencia dende a familia. Impulsar a creación de escolas de pais e nais.
 - Formación do alumnado: técnicas de resolución pacífica de conflitos.
- Elaboración de orientacións e establecemento de programas formativos dirixidos aos diferentes membros da comunidade educativa, coa intención de previr e actuar ante situacións de ciberacoso:
 - Formación do profesorado e de familias: sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC, aprender a transmitirles aos menores a confianza suficiente para que poidan recorrer a eles en caso necesario, aprender a apoiar ao menor en caso de confirmarse o ciberacoso e, en caso de ameazas graves, presentar a correspondente denuncia no organismo competente.
 - Formación ao alumnado: potenciar o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, ser coidadoso cos datos persoais, onde aparecen e a quen se proporcionan; non responder a provocacións a través dos medios tecnolóxicos; cando unha ameaza é persistente, hai que gardar o que se poida a xeito de proba do sucedido, pechar a conexión e pedir axuda a unha persoa adulta.

- Estratexias de prevención a nivel de aula.

Como norma xeral trataranse de adoptar as seguintes medidas de prevención a nivel de aula que contribúan á mellora do clima xeral de centro:

- Inclusión no plan de acción tutorial da elaboración de normas de convivencia en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros ou compañeiras, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento a todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas.
- Realizar actividades de tutoría programadas no grupo referidas a:
 - Relacións no grupo,
 - Fomento da amizade,
 - Tarefas colaborativas,
 - Sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do *chivato* , aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as...),
 - Conciencia da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais dos adolescentes,
 - Análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos.
- Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconecemento que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos:
 - Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto.
 - Exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración.
 - Desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións.
 - Formar comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación, axudantes de recreo...
 - Facilitarlle ao alumnado canles para que poida comunicarse co

profesorado.

- Utilizar sesións de tutoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.
- Manter a través da acción tutorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.
- Seguimento do clima relacional da aula. Aplicación e valoración de cuestionarios sociométricos.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

A persoa responsable da dirección do centro, ou calquera outro membro do equipo directivo, dirixirá toda a actuación.

Unha vez detectados indicios da existencia no centro dunha posible situación de acoso escolar, intervírase rápida e efectivamente para evitar o agravamento da situación. Para iso establécese un plan de actuación que ten por obxecto que o profesorado saiba cómo actuar nos posibles casos de acoso (ver anexos protocolo educonvives):

1. Comunicación ás persoas responsables do menor, traslado ao director/a, establecendo medidas urxentes de protección á presunta vítima.
2. Designación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima. Re caerá sobre unha persoa coa que a vítima garde relación de confianza e proximidade, á que se lle dará a información pertinente nunha reunión e redactará acta.
3. Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado. O director/a poñerá a situación en coñecemento das familias, informándolles das medidas iniciais.
4. Nomeamento dunha persoa responsable das averiguacións previas, se procede, para clarificar os feitos denunciados, redactando acta.

Esta persoa comunicárase cos suxeitos implicados, recabando información.

Unha vez realizada esta primeira fase de coñecemento da situación, levarase a cabo unha recollida de información recadando os datos necesarios para dilucidar se os feitos denunciados constitúen unha situación de acoso escolar.

1. Recollida inicial de información, recollendo de forma discreta, por escrito, a través de diversas fontes e procedementos: observación directa e vixilancia das zonas de risco para seleccionar datos sobre as interaccións do alumnado, agresións existentes...

2. Entrevista individual á presunta vítima, dilucidando a posible veracidade dos feitos denunciados, proporcionándolle apoio e protección ao alumno/a. Se o entrevistado é menor de idade, procederase a realizala en presenza dun adulto.

Repetirase a entrevista ata que o alumno/a se encontre en disposición de trasladar o alcance do problema.

3. Entrevista individual á/s persoa/s posible/s responsable/s do acoso, recollendo a información dende o punto de vista da persoa ou persoas agresoras. Se o alumno/a é menor de idade e non está acompañado da súa familia, esta entrevista producirase en presenza dun adulto.

4. Entrevista individual ás persoas observadoras/ espectadores, que son membros da comunidade educativa que poden coñecer os feitos pero non participan activamente nestes.

5. Entrevista individual ás familias:

- Coa familia da posible vítima, para tranquilizalos e para que saiban cal é a situación dos feitos.
- Coa familia da persoa ou persoas presuntamente acosadoras, informándoos das posibles medidas provisionais que se poidan adoptar.

Unha vez recadada toda a información sobre os feitos acontecidos, deberá ser comunicada polo responsable das averiguacións previas á dirección do centro, quen precisará se a situación detectada é ou non un caso de posible acoso.

Estas averiguacións deberanse realizar un prazo máximo de 2 días e a decisión sobre a incoación de expediente deberá tomarse nun máximo de 3 días.

Si se considera necesario e oportuno colaborarase e comunicarse con outros profesionais ou axentes externos ao centro (sociais, sanitarios, xudiciais...) De apreciarse indicios de delito ou falta penal notificarase ao ministerio fiscal e aos servizos de protección de menores.

Con independencia do resultado da instrución do expediente, a persoa responsable da dirección do centro, ditaminará as **medidas de mellora educativas**, podendo solicitar a colaboración do departamento de orientación e da comisión de convivencia do centro.

- Medidas de protección á presunta vítima, como:

- Reorganización do horario do profesorado para unha mellor atención do alumnado afectado.
- Concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación.
- Tutoría individualizada e grupal da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés...
- De ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas posible/s acosadora/s.
 - Medidas reeducadoras para a persoa/s agresor/as, como as seguintes:
 - Elaboración dun programa de habilidades sociais por parte do Departamento de Orientación.
 - Desenvolvemento de procedementos conciliadores para a resolución de conflitos.
 - Formación de equipos de mediadores.
 - Programas de modificación de condutas.
 - Outras medidas a realizar co grupo clase, coas familias e co equipo docente, mediante campañas de sensibilización, mediación e apoio.

A estas medidas adoptadas realizaráselles un seguimento coa intencionalidade de comprobar o seu cumprimento.

PROTOCOLO DE MEDIACIÓN

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos, na que unha terceira persoa axuda ás partes implicadas a acadar un acordo satisfactorio para ambas as dúas. A través da mediación abórdanse conflitos dun modo cooperativo e favorece a aprendizaxe de habilidades e competencias sociais, fomentándose o diálogo e a colaboración como estratexias básicas na resolución de problemas, polo que deberá ser unha estratexia de uso habitual na xestión de conflitos, independentemente dos procedementos correctores adoptados nas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. O principal beneficio de adoptar a mediación fronte á sanción será precisamente o seu elevado poder educativo que posúe.

Como norma xeral a mediación plantexarase como un sistema complementario a outras posibles intervencións, considerándoa coma un proceso a través do cal cambia a relación entre as partes implicadas, e sobre todo, quen participa no proceso aprende e dáse conta que serve para solucionar e aclarar conflitos e chegar a acordos, podendo ser proxectado a situación novas.

A través da mediación desenvolveranse pois técnicas tan importantes como a escoita activa, de reformulación do escoitado e de extracción e aclaración da información, de xeito que a narración do conflito, unha vez ben contada e escoitada polas dúas partes, fai que estas poidan chegar a un acordo *pacífico*. É dicir, o mediador regula o proceso de mediación entre as partes, non se posiciona nin da solución sendo en todo momento totalmente neutral, de tal xeito que o poder de resolución do conflito terano os protagonistas.

Aínda no caso de que a través da mediación non se chegara a un acordo, a simple narración do conflito favorecida polo mediador, soe mellorar a relación entre as partes. Moitas veces, simplemente cunha escoita activa na que cada unha das partes aclara a situación, atópase por si mesma a solución positiva ó problema, polo que se tratará de formar ó alumnado na liña de que sexan eles mesmos os que sexan capaces de mediar espontáneamente ante os conflitos nos que se poidan ver inmersos.

Para poder empregar esta estratexia con efectividade, e seguindo a normativa vixente e

o manual: AAVV (2012): *Mediación en la práctica. Manual de implantación de un servicio de mediación escolar*, creárase un equipo de mediación no centro que terá como funcións fundamentais a de formarse no eido da mediación así como a de realizar mediacións entre as dúas partes que teñan un conflito e que non cheguen a unha transformación satisfactoria do mesmo polos seus propios medios.

A comisión de convivencia proporá ó director os membros do equipo de mediación que poderán ser alumnos/as e/ou mestres. Unha posibilidade podería ser que o xefe de estudos asigne ós mediadores en función da gravidade do conflito (nos caos leves os mediadores serán nenos. nos casos graves serán mestres).

Os compoñentes do equipo de mediación terán as seguintes características de funcionamento (o equipo directivo garantirá o exercicio da mediación e facilitarase a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica de conflitos):

- Tanto alumnos como mestres/as poderán actuar como mediadores nun determinado conflito dependendo da complexidade do mesmo.

Os mediadores/as deberán ter recibido formación previa sobre o procedemento da mediación.

Os mediadores/as aceptarán as responsabilidades propias de pertencer ao equipo de mediación.

- O mediador/a non deberá ser parte implicada directa ou indirectamente no conflito que se vai mediar para favorecer a neutralidade pero, ó mesmo tempo, deberá contar coa confianza das partes ou con certo respecto e recoñecemento social.

- O mediador/a deberá amosar actitudes favorables ó diálogo, á comprensión e á axuda, fomentando a escoita activa empática. Esta escoita basearase no resumo por parte do mediador das expresións e posturas de cada unha das partes. Para facilitar esta escoita activa será convinte empregar preguntas abertas co fin de ampliar a resposta e non limitala a un si ou a un non, amosar interese polo que están contando as parte, clarificar, parafrasear, reflectir e resumir.

O mediador/a deberá amosar paciencia, non ter présa en chegar a acordos, senón dar o tempo suficiente e necesario a cada fase da mediación.

Pautas de actuación para derivar un caso de conflito cara a mediación e características dos conflitos que se resolverán por mediación:

Como norma xeral, adoptarase a mediación como estratexia de resolución de conflitos nos seguintes casos:

- Conflitos nos que as dúas partes a solicitan ou a aceptan unha vez que se lles propón.
- Naqueles conflitos de relación non resoltos entre as partes polos seus medios. Ante problemas disciplinarios non considerados graves.
- Cando non existe un desequilibrio especial e de capacidades comunicativas e de personalidade entre as dúas partes.
- Cando o alumnado en conflito teña boa disposición para chegar a un acordo.

Como norma xeral non estará indicada a mediación nos seguintes casos:

- Na comisión dalgunhas das condutas tipificadas como gravemente prexudiciais para a convivencia. Estes conflitos requirirán doutro tipo de intervencións, e polo tanto, no caso de que un conflito destas características chegase ó servizo de mediación do centro, este deberá ser derivado ós órganos competentes do centro para resolver.
- Cando as diferenzas ou desequilibrio entre as partes en conflito sexan insalvables ou a desaconsellen.
- No caso no que o mesmo alumno/a utilice reiteradamente o proceso de mediación durante o mesmo curso escolar sen obter resultados positivos (non se cumpre o pactado).
- Cando exista polas partes falla de confianza e credibilidade no proceso de mediación.
- Cando as partes non desexan ir á mediación.

Para que o procedemento de mediación sexa axeitado deberanse respectar as seguintes premisas:

- Intimidade.- As persoas mediadas non deberán ser forzadas a contar o que non queiran contar, polo que se tratará de buscar sempre un compromiso de sinceridade e honestidade entre as partes.
- Liberdade de expresión.- Cada persoa expresará todo o que desexe ou precise respectando que os demais tamén o fagan, incluso naqueles casos nos que non guste o que se escoita. En calquera caso, deixarase moi claro que a liberdade de expresión é

incompatible cos insultos ou agresións do tipo que sexan.

– Compromiso de diálogo.- As persoas mediadas deberán aceptar e favorecer as condicións propias para manter un diálogo, expresándose con liberdade así como escoitar sen interromper ó outro.

– Confidencialidade.- Non será obrigatorio facer público o feito de que se está a facer unha mediación, posto que son servizos que se ofrecen dentro dun plan de centro e polo tanto pódense empregar cando se considere necesario. Sen embargo, cando se inicie un procedemento de mediación si convén comunicarllo ó titor/a e/ou á que suxeriu a intervención. No caso de problemas disciplinarios, porase o caso en coñecemento da xefatura de estudos coa finalidade de actuar de maneira coordinada e seguindo as normas de organización e funcionamento do centro. No que se refire ás familias, no caso de que o seu fillo estivese implicado nun conflito no que fose preciso a mediación, pódese comentar como un tema máis dentro dunha entrevista ordinaria pero, en todos os casos, transmitirase só información sobre os acordos tomados.

En función do exposto anteriormente plantéxanse as seguintes directrices básicas a seguir á hora de iniciar un proceso (protocolo) de mediación.

1. Un proceso de mediación porase en marcha cando as partes implicadas nun conflito o demanden ou cando un mestre/a considere que é o procedemento máis axeitado para resolver o conflito (tendo en conta e respectando os criterios expostos nas liñas anteriores), sendo obxecto de mediación todas aquelas cuestións entre os membros da comunidade educativa que afecten á convivencia (non deberían incluírse na mediación supostos de violencia grave, uso de armas, drogas, violencia física de gravidade, . . .).
2. A solicitude de mediación farase ante o xefe/a de estudos ou ante o director/a, indicando o motivo da solicitude.
3. Unha vez informada a dirección ou a xefatura de estudos do conflito, dende esta proporase a persoa máis axeitada para actuar como mediadora entre as partes de entre as persoas que forman parte do equipo de mediación do centro, fixando tamén o día e a hora para iniciar o procedemento de mediación.
4. A mediación realizarase o antes posible, tratando de que transcorra o menor tempo posible entre o momento do conflito e o procedemento de mediación.
5. O mediador asignado buscará un espazo no centro para realizar o proceso de

mediación. Este espazo deberá ser neutral e dispoñer das condicións necesarias para poder desenvolver o proceso con tranquilidade e velando pola intimidade e confidencialidade das partes e do que alí se trate.

6. O procedemento de mediación rematará satisfactoriamente cun acordo entre as partes. O acordo acadado na mediación deberá reflectirse por escrito e ser firmado polas dúas partes, podendo reflectirse no acordo a realización dun seguimento do mesmo.

7. Unha vez finalizado o procedemento de mediación o mediador comunicará á xefatura de estudos o resultado final da mediación. Se co proceso de mediación se solucionou o conflito entre as partes implicadas dáse por finalizado e solucionado o conflito informando do proceso á xefatura de estudos a cal levará un rexistro dos procesos de mediación realizados e das partes implicadas para controlar deste xeito a efectividade da mediación e rexistrar as posibles reincidencias. No caso contrario de que o conflito non se solucione a través da mediación derivarase o caso á xefatura de estudos para que inicie o procedemento corrector que se considere máis axeitado.

PROGRAMA QUE CONTRIBÚA Á ADQUISICIÓN DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS

O axeitado desenvolvemento das habilidades sociais no contexto educativo goza dunha importancia fundamental no eido da convivencia, xa que como é evidente estas habilidades gozan dunha importancia trascendental no desenvolvemento integral das persoas, e a través delas o suxeito obtén importantes reforzos sociais do entorno máis inmediato que favorecen a súa adaptación ó mesmo. Pola contra, a carencia destas habilidades pode ser o causante de condutas de rexeitamento, illamento e, en definitiva, niveis inferiores de calidade de vida. Ademais, grazas ó desenvolvemento das habilidades sociais podemos acadar que os nosos alumnos/as adquiran un maior grao de participación no seu proceso de ensino-aprendizaxe, o cal leva implícito unha mellora na súa competencia curricular.

Polo tanto, despois desta xustificación, considérase oportuno que neste apartado do plan de convivencia se establezan as directrices básicas dun programa xeral a nivel de centro no que se aborden aspectos básicos para o desenvolvemento de habilidades sociais do noso alumnado dende un punto de vista preventivo. Este programa desenvolverase nas diferentes etapas e niveis impartidos no centro abordando os obxectivos e contidos propostos a continuación en diferente profundidade en función do nivel de cada grupo en cuestión e das necesidades que poidan presentar.

Obxectivos xerais.

Co desenvolvemento e posta en marcha deste programa de habilidades sociais tratarase de:

- Desenvolver a aprendizaxe cooperativa, posibilitando e facilitando o contacto e o traballo entre iguais a partir de centros de interese e de proxectos a realizar.
- Adaptar o comportamento espontáneo e voluntario ás esixencias do seu entorno social.
- Establecer normas correctas de grupo que nos axuden a normalizar o

comportamento, segundo as esixencias dos distintos contextos sociais.

- Favorecer o axuste socio-emocional, desenvolvendo habilidades conversacionais e fomentando o uso da linguaxe como medio de comunicación.
- Mellorar a comprensión, percepción e adaptación a situación sociais determinadas, expresando sentimentos, desexos, ideas e opinión mediante a linguaxe oral.
- Favorecer o desenvolvemento da comunicación non verbal, fomentando a realización de xestos, expresións faciais, a mirada,. . como aspectos fundamentais nas interaccións sociais.

Contidos.

Os obxectivos anteriormente expostos trataranse de levar a cabo a través do traballo dos seguintes contidos:

- Normas básicas de grupo (respectar a quenda de palabra, manter unha postura corporal axeitada ó contexto concreto, respectar e compartir o material, fomentar o uso de normas de cortesía, respectar as decisións adoptadas no grupo democraticamente, etc.).
- Comportamentos espontáneos e inaxeitados en determinados momentos. Habilidades sociais relacionadas coa comunicación non verbal.
- Fórmulas de cortesía.
- Utilización de normas de convivencia elementais entre os iguais.
- Diferenciación entre comportamentos voluntarios axeitados ou inaxeitados en determinados contextos sociais.
- Uso axeitado de habilidades fundamentais para facer amizades (encomiar e reforzar ós outros, poñerse no lugar do outro, cooperar e compartir, unirse ó xogo dos outros,. . .).
- Utilización da linguaxe oral como medio de comunicación.
- Expresión de sentimentos e emocións.
- Respecto polas normas básicas de convivencia para acadar unha axeitada interacción.
- Importancia da amizade.
- Valoración das habilidades conversacionais e de uso da linguaxe para poder expresar sentimentos e emocións.

Avaliación do programa.

Co obxectivo de valorar a consecución dos obxectivos plantexados no programa realizarase unha avaliación do mesmo en tres momentos concretos:

- **Avaliación inicial.**- Cada titor, no momento de realizar a avaliación inicial xeral do alumnado do seu grupo ó comezo de cada curso, entre outros aspectos tratará de avaliar aspectos significativos relacionados coas habilidades sociais para, deste xeito, poder detectar os puntos fortes e febles que o alumnado do grupo en cuestión ten en relación coas habilidades sociais. Cos datos extraídos desta avaliación plantexaremos obxectivos concretos a traballar que responderán ás necesidades máis importantes detectadas no grupo.
- **Avaliación continua.**- Durante a implementación do programa, e ó longo de todo o curso, farase unha avaliación do procedemento de aplicación do mesmo que nos permitirá ir adaptándoo ás necesidades que se vaian detectando, permitíndonos isto introducir as modificacións necesarias durante o proceso de posta en práctica.
- **Avaliación final.**- Ó final do curso realizarase unha avaliación para comprobar o grao de consecución dos obxectivos inicialmente propostos. Esta avaliación servirá de referente e a ter en conta de cara a posta en práctica do programa nos próximos cursos.

Estratexias de avaliación.- Para a realización da avaliación do programa empregaranse as seguintes estratexias:

- Coordinación entre o profesorado que lle imparte clase ó grupo en cuestión para valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Valoración das diferentes aportacións que as familias poidan facer ó respecto.
- A avaliación basearase na observación directa do desenvolvemento do alumnado en diferentes situacións de interacción social, xa que é o procedemento máis válido para avaliar a xeneralización das aprendizaxes acadadas nas diferentes sesión de traballo e co emprego das diferentes técnicas de dinámicas de grupo.
- Empregaranse follas de seguimento e rexistros por parte do profesorado onde se irán anotando tanto os avances coma os retrocesos respecto ós obxectivos plantexados.

Cráterios de avaliación.- Os cráterios de avaliación servirannos para saber en que grao se van cumprindo os obxectivos do programa, polo que unha vez traballado este programa valorarase se o alumnado destinatario é quen de:

- Coñecer e levar á práctica as normas básicas de grupo.
- Aplicar funcionalmente en situacións reais habilidades de interacción social (sorrir, saudar, normas de cortesía,. . .).
- Empregar habilidades conversacionais básicas (iniciar, manter e rematar conversacións, unirse a unha conversación cando esta xa comezou, respectar as opinións dos demais aínda cando estas non coincidan coas propias,. . .).
- Empregar habilidades relacionadas directamente cos sentimentos e emocións propios e alleos (expresar autoafirmacións positivas, expresar emocións, comprender as emocións expresadas polos demais,. . .).
- Participar en actividades grupais realizando interaccións positivas cos seus iguais.

Metodoloxía

Para levar a cabo a posta en funcionamento deste programa unha metodoloxía **activa e participativa**, na que o alumnado se sinta en todo momento membro partícipe das actividades desenvoltas na clase, sendo e sentíndose eles mesmos os protagonista da súa propia aprendizaxe (**aprendizaxe por descubrimento**).

Tratarase de seguir un método de traballo baseado nos principios de **individualización** da ensinanza (atendendo ás condicións e características individuais do alumnado), de **globalización** (abordando os obxectivos plantexados de forma globalizada e interrelacionada nos diferentes momentos) e de **intuición** (partir e ter moi en conta a realidade vivida polo alumnado que os rodea) para deste xeito conseguir o obxectivo último de todo proceso de ensino-aprendizaxe: unha **aprendizaxe significativa e o máis funcional posible a través da cal sexan competentes no ámbito das relacións sociais**. Por iso tratarase de que as actividades plantexadas estean sempre presididas por un alto grao de realismo e funcionalidade de cara á vida cotiá, por ser este un dos obxectivos fundamentais e prioritarios a acadar con este programa. Para conseguir isto, tanto titor/a como demais mestres/as que traballen dito programa nos diferentes contextos, relacionarán todos os contidos abordados na aula co máis cotiá e próximo ó

alumnado.

Do mesmo xeito concederáselle gran relevancia ó longo da implementación do programa ó principio básico de “**aprender a aprender**”, é dicir, trataremos de que progresivamente o alumnado adquira un nivel de autonomía social axeitado á súa idade, desenvolvendo estratexias e aplicando os recursos necesarios para enfrontarse ás situacións da vida cotiá dunha forma autónoma e persoal.

Asemade trataremos de que as actividades plantexadas para lograr a consecución dos obxectivos propostos teñan un carácter o máis lúdico posible para que, lonxe de resultar laborioso enfrontarse a elas, supoña un incentivo para o alumnado. No eido do plantexamento e desenvolvemento de tarefas encomendadas, partiremos da premisa de facer actividades curtas e variadas, coas cales, ademais de atraer a súa atención, trataremos de que pouco a pouco vaia sentindo atracción e gusto polo traballo diario escolar.

Por outra banda, como medida a ter moi en conta durante a implementación deste programa, trataranse de abordar os obxectivos dentro do currículo ordinario adaptándoos ó propio nivel en cuestión dun xeito interdisciplinar. Para conseguir isto dentro das programacións de aula diarias trataremos de introducir transversalmente obxectivos deste programa.

- Favorecerase a xeneralización das aprendizaxes para que o adquirido no centro poida ser aplicado día a día en diferentes contextos da súa vida.
- Reforzarase todos aqueles avances que o alumnado acade, pois resultará proveitoso que ó alumnado se lle diga que está facendo ben as cousas.

Por último sinalar que unha metodoloxía que pode axudar ó traballo das habilidades sociais na aula é a que está baseada no **TRABALLO COOPERATIVO NAS AULAS**, **metodoloxía que nas diferentes aulas do centro se está poñendo en práctica.**

Recursos.

Posto que os obxectivos a traballar teñen un marcado carácter interdisciplinar, preténdese que este sexa pois un programa a abordar nos diferentes momentos da xornada educativa sendo implementado de forma transversal por parte de todo o

profesorado do centro (titor e non titor), sempre que as circunstancias de cada momento llo permitan. Polo tanto, os recursos persoais serán os propios mestres do centro así como o alumnado destinatario e as familias destes (para darlle continuidade no ámbito familiar).

Ademais dos recursos humanos contarase cunha serie de recursos materiais para traballar na aula como:

- Diferentes xogos de mesa cos que se fomente a relación entre iguais (parchís, dominó, oca, tres en raia, xadrez,. ..).
- Diferentes xoguetes que simbolizen os obxectos da vida real para poder xogar a desenvolver roles, facer dramatizacións,.. .
- Xogos de mímica nos que teña que existir unha certa compenetración entre iguais.
- Diferentes programas de habilidades sociais existentes na rede. (*Programas de educación para la convivencia: Caderno de habilidades alternativas a la agresión; Caderno de educación en sentimientos; Caderno de habilidades sociais*).
- Diferente bibliografía que poida resultar de interese para as habilidades sociais.

Temporalización.

A abordaxe dos obxectivos propostos no presente programa levarase a cabo ó longo de todo o curso e en todos os niveis educativos, integrándoos nas diferentes programacións de aula. Deste xeito, os mestres que impartan a un determinado grupo coordinaranse para adaptar e organizar o traballo dos obxectivos propostos en diferentes momentos e materias ó longo do curso (sen solaparse), de tal xeito que ó final de cada curso escolar cada grupo de alumnos traballasen dalgún xeito os obxectivos propostos no programa.

Familias

Para que os obxectivos plantexados neste programa se xeneralicen e sexan funcionais no día a día do alumnado, deberán ter continuidade no contexto familiar, polo que a familia xogará un papel fundamental na xeneralización dos obxectivos plantexados.

Para concederlle funcionalidade e sentido ó programa será moi importante que a familia aproveite situación da vida cotiá que se producen nos diferentes fogares para poder traballar condutas que reforcen as habilidades sociais dos seus fillos/as

PLAN DE TRABAJO COORDINADORA DE BIENESTAR E CONVIVENCIA

- **INTRODUCCIÓN**

O presente plan de traballo foi elaborado seguindo o disposto na Orde de 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de bienestar e convivencia nos centros docentes de Galicia, por dona Susana Castro Mouriz (persoa coordinadora designada pola dirección do CEIP Rosalía de Castro), en colaboración cos membros do equipo directivo.

Este plan enmárcase na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE), ademáis da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, nas que se recolle a figura de coordinador de bienestar, ademáis de integrar o principio de igualdade entre mulleres e homes.

A creación desta figura parte da importancia que teñen os centros educativos para previr a existencia dunha grave problemática na nosa sociedade.

Dentro do plan de Convivencia do CEIP Rosalía de Castro, marco de referencia, incluímos este plan de traballo, sensibilizando e formando á comunidade educativa, promovendo o bo trato, detectando e respondendo a situacións de violencia, promovendo medidas de prevención e intervindo para protexer en todo momento ás vítimas.

- **OBXECTIVOS E ACCIÓNS A DESENVOLVER.**

Tal e como determina a Orde do 23 de agosto de 2023, mencionada anteriormente, establécense as accións relacionadas cos seguintes ámbitos de traballo:

- Ámbito de difusión:

Establécense accións co fin de traballar os seguintes obxectivos:

- Difundir as súas funcións e informar do procedemento para comunicar posibles situacións de violencia ou desprotección no centro ou no entorno, incluído os posibles casos de acoso escolar.
- Informar sobre os protocolos existentes ante calquer expresión de violencia:
 - o Protocolo de acoso escolar.
 - o Protocolo de mediación.
- Detectar as necesidades formativas en materia de convivencia e bienestar do alumnado e propor accións formativas dirixidas á comunidade educativa.
- Orientar á comunidade educativa sobre o uso dos datos de carácter persoal do alumnado menor de idade.

ACCIONES	RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN
Elaborar unha infografía co procedemento para comunicar posibles situacións de violencia e colgala na páxina web do colexio	Coordinadora de bienestar e convivencia	Primeiro trimestre
Explicar nun claustro o procedemento a seguir para comunicar posibles situacións de violencia, ademais de onde se pode localizar esa información en caso de necesitala ao longo do curso.	Xefa de estudos	Primeiro trimestre
Explicar nun claustro a normativa vixente sobre convivencia escolar en Galicia e a forma de xestionala no centro.	Xefatura de estudos	Primeiro trimestre
Colgar na páxina web do colexio enlace directo ao plan de convivencia	Coordinador TIC	Primeiro trimestre
Difundir as noticias relacionadas coa convivencia publicadas pola Consellería de Educación.	Coordinadora de bienestar	Todo o curso
Difusión de manuais e orientacións específicas sobre a protección de datos	Coordinadora de bienestar, coordinador TIC	Primeiro trimestre

□ Ámbito de prevención e intervención:

Establécense as acción para traballar os seguintes obxectivos:

- Xestionar o Protocolo de actuación ante un posible caso de acoso escolar.
- Contribuír á actualización e avaliación do Plan de Convivencia.
- Impulsar, en colaboración coa Comisión de Convivencia do Consello Escolar, actividades que favorezan a convivencia positiva.

ACCIÓN	RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN
Designar a persoa que levará os casos de acoso e xestionar o procedemento	Dirección do centro, coordinadora de bienestar e convivencia	Todo o curso
Actualizar o Plan de Convivencia	Coordinadora de bienestar	Primeiro trimestre
Avaliar o Plan de Convivencia	Comisión de Convivencia	Todo o curso
Creación dun espazo no centro onde colgar información relativa á mediación: <ul style="list-style-type: none"> - Prevención do suicidio. - Prevención do acoso escolar. - Prevención de violencia de xénero 	Coordinadora de coeducación, coordinadora de bienestar	Todo o curso.
Implantar accións formativas que favorezan ambientes positivos e prevención de conflitos.	Dirección, coordinadora de bienestar	Primeiro trimestre
Difusión de actividades ofertadas na zona ou polo Concello relacionadas co fomento do bienestar	Dirección, coordinadora de bienestar, coordinador TIC	Todo o curso.
Realización de actividades que promovan a actividade física e a boa convivencia: programa Xogade	Mestres Educación Física	Todo o curso

□ Ámbito de difusión

Establécense accións co fin de traballar os seguintes obxectivos:

- Trasladar nos Claustros e no Consello Escolar información sobre a xestión para o bienestar, recollendo propostas.
- Colaborar coa Comisión de Convivencia, co orientador e coas persoas coordinadoras, para deseñar e implementar acción que favorezan o bienestar.
- Coordinar coa dirección do centro a derivación ás autoridades competentes dos menores en risco.

ACCIÓNS	RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN
Explicar nun claustro a figura de bienestar e convivencia	Coordinadora de bienestar e convivencia	Principio de curso
Expor nos claustros de final de trimestre as accións e medidas que se levaron a cabo no trimestre anterior.	Xefatura de estudos, coordinadora de bienestar	En cada claustro de fin de trimestre
Reunirse co orientador para intercambiar información sobre alumnado en risco ou vulnerable	Orientador, coordinadora de bienestar	Todo o curso
Reunirse coa xefatura de estudos para a coordinación da derivación ás autoridades competentes dos/as menores en risco.	Xefatura de estudos, coordinadora de bienestar	Todo o curso.

• **AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN.**

Este plan será revisado e actualizado ao longo de todo o curso co fin de mellorar e adecuar o mesmo á realidade tanto do centro como do curso escolar.

Ao final de cada trimestre valoraranse as accións de cada ámbito con unha escala de **indicadores** onde se indique si as accións están:

- a) Sen traballar.
- b) Comezadas e en proceso.
- c) Completadas pero necesítanse retomar.
- d) Completadas.

Ademáis, incluírase na avaliación propostas de mellora daquelas acción que se necesitan volver a repetir, as que necesitan modificacións ou as que xa non son necesarias realizalas porque non funcionaron como se programaron ou que xa se alcanzaron.

3.4.3. Escola de nais e pais

Formarase ás familias naqueles aspectos que se consideren relevantes por parte da comunidade educativa, ou aspectos socialmente relevantes.

3.4.4. Actuacións ANUAIS do plan de convivencia.

1. Concreción dos actuacións.

Anualmente o Plan de Convivencia concretarase na PXA cunha adenda na que se explicitarán os obxectivos e actuacións prioritarias a abordar no curso en cuestión e en relación cos propostos no propio plan a nivel xeral. Esa concreción será anual e realizarase en función das necesidades que se poidan detectar a nivel de centro a comezo de cada curso froito dunha análise da situación actual de convivencia así como dunha análise do acontecido no curso precedente neste ámbito.

Esta concreción das actuacións anuais será realizada anualmente pola comisión de convivencia ó comezo de cada curso para posteriormente ser incluída na correspondente PXA.

Así, en función desa análise e diagnóstico inicial da convivencia, anualmente poderanse adoptar as conespondentes medidas en relación cos seguintes elementos:

- **Organización.-** Revisaranse as estratexias e procedementos de información, participación e toma de decisión utilizadas nos órganos unipersoais e colexiados para mellorar as estruturas e canles de participación se procede.
- **Formación.-** Promoverase dende a comisión de convivencia e dende a asociación de nais e pais actividades formativas e informativas para nais e pais en relación con temas de convivencia.
- **Relacións interpersoais.-** Coidaranse as relacións entre o profesorado e do profesorado coas familias, de xeito que constitúan un modelo para as relación entre o alumnado.
- **Intervención directa ante problemas.-** Rexistraranse os conflitos que se produzan no centro co fin de obter unha visión real da convivencia no centro que permita, fundamentándose na evidencia, introducir as modificacións necesarias para a regulación da convivencia no centro.

2. Relación entre as actuacións do plan de convivencia e outros documentos do centro.

O Plan de convivencia será considerado un documento máis de organización do centro polo que estará relacionado directamente cos demais documentos de centro (en especial coas NOFc) e formando parte do Proxecto Educativo do mesmo.

3. Os responsables das actuacións.

Cada actuación que se reflicte nas actuacións anuais que se concretan na adenda ó plan de convivencia estará acompañada dos responsables encargados de poñela en práctica. Estes responsables das actuacións poderán ser: a propia comisión de convivencia, o equipo directivo ou calquera dos seus membros de xeito individual, o departamento de orientación ou calquera dos seus membros de xeito individual, os titores, o consello escolar, o claustro de mestres, o equipo de mediación ou calquera membro dese equipo de xeito individual, a inspección educativa, axentes externos ó centro (asociacións, fundacións, ONGs,. . .), ou calquera outros que se consideren poidan desenvolver actividades que favorezan a convivencia no centro.

4. A temporalización.

As actividades plantexadas para un curso na concreción anual irán acompañadas dunha temporalización que se tratará que sexa o máis detallada posible (coas limitacións que implica planificar actuacións ó comezo de curso). Polo tanto, esta temporalización poderá concretarse trimestral, mensual ou incluso diariamente.

No caso de actuacións nas que non sexa posible facer unha concreción temporal exacta a comezo de curso esta realizarase o antes posible para posteriormente informar ó claustro de profesorado.

5. Os recursos.

Para acadar un desenvolvemento positivo dos diferentes obxectivos plantexados no Plan, así como na concreción anual do mesmo, poderase facer uso dos seguintes recursos:

- Documentos do centro.
- Programacións didácticas.
- Estratexias metodolóxicas baseadas na aprendizaxe cooperativa, traballo en grupo,...
- Programas específicos de traballo (habilidades sociais).
- Materiais elaborados polo centro nun determinado momento para traballar a convivencia.
- Recursos materiais mercadas polo centro relacionados co traballo da convivencia.
- Recursos persoais existentes no centro e externos ó mesmo.
- Servizos externos ó centro (servimos sociais, de saúde, xurídicos, de seguridade cidadá, ..).
- E todos aqueles recursos que se consideren poden favorecer o desenvolvemento dunha actividade concreta favorecedora da convivencia no centro.

6. Os indicadores de logro e os instrumentos de avaliación.

Para valorar e que se vexa reflectido o éxito ou o fracaso das diferentes actuacións realizadas en relación coa convivencia no centro estableceranse uns indicadores de logro claros e simples que nos permitan facer unha valoración das actuacións e poder acadar así unha mellora.

Estes indicadores de logro irán acompañados dos diferentes instrumentos de avaliación que se consideren máis axeitados. Estes poderán ser:

- Cuestionarios para o alumnado, profesorado e familias.
- Anotacións.
- Instrumentos de autoevaluación para o alumnado. Informes dos titores ou do equipo directivo.
- Informes da comisión de convivencia e consello escolar.
- Outros que se consideren axeitados.

3.4.5. Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan.

Dende a dirección do centro facilitaranse os mecanismos e os medios para que exista unha coordinación efectiva entre os diferentes membros da comunidade educativa á hora de desenvolver as actividades relacionadas coa convivencia do centro. Para iso estableceranse canles de comunicación periódica a través das cales se potencie unha participación e colaboración efectiva de profesores, pais e alumnos nas diferentes actividades realizadas no centro relacionadas coa convivencia. Neste apartado xogará un papel fundamental a comisión de convivencia xa que nela hai representación de diferentes ámbitos da comunidade educativa.

3.4.6. Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan.

O seguimento e avaliación do plan de convivencia do centro, así como das propostas anuais plantexadas a comezo de curso para cada ano académico, será realizado pola comisión de convivencia nas diferentes reunións mantidas ó longo de cada curso.

Do mesmo xeito, as propostas de mellora serán analizadas na comisión de convivencia na última reunión de curso, e os acordos adoptados teranse en conta á hora de planificar o plan do seguinte curso.

3.4.7. Difusión do Plan.

Tanto o Plan de Convivencia como as concrecións anuais do mesmo estarán a disposición de calquera membro da comunidade educativa que así o solicite na secretaría do centro. Asemade estes estarán colgados na páxina web do centro para que poidan ser consultadas libremente por quen o considere.

4. ANEXOS

MEDIDAS CORRECTORAS	
MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA SEGUNDO O ART. 22 DA Lei 4/2011.	
a) Amonestación privada ou por escrito.	
b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.	
c) Realización de tarefas, traballos específicos en horario lectivo.	
d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.	
e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.	
f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.	
g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos.	
h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos.	

Observacións (especificar calquera outro aspecto que se considere de interese; mediación escolar, medidas complementarias ás citadas en liñas precedentes, problemáticas...).

.....

.....

.....

<ul style="list-style-type: none"> Resolución expresa por escrito que deberá ser comunicada á: Familia. Comisión de convivencia. 	REXISTRO <ul style="list-style-type: none"> Faltas acumuladas polo/a alumno/a: Leves: Graves: Copia para o/a titor/a do parte de incidencias. Comunicado aos pais: Medicante unha nota na axenda do/a alumno/a. Telefonicamente. Outras vías:
---	--

En Padrón, a de de 20...

Asdo:

Asdo:

MEDIDAS CORRECTORAS	
MEDIDAS CORRECTORAS ÁS CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA SEGUNDO O ART. 21 DA Lei 4/2011.	
a) Realización dentro ou fora do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.	
b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.	
c) Cambio de grupo.	
d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días e dúas semanas.	
e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.	
f) Cambio de centro.	
Observacións (especificar calquera outro aspecto que se considere de interese; mediación escolar, medidas complementarias ás citadas en liñas precedentes, problemáticas...).	
.....	
.....	
.....	

<ul style="list-style-type: none"> • Resolución expresa por escrito que deberá ser comunicada á: <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Familia. <input type="checkbox"/> Comisión de convivencia. 	<p>REGISTRO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Faltas acumuladas polo/a alumno/a: Leves: Graves: • Copia para o/a titor/a do parte de incidencias. • Comunicado aos pais: <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Medicante unha nota na axenda do/a alumno/a. <input type="checkbox"/> Telefonicamente. <input type="checkbox"/> Outras vías:
---	---

En Padrón, a de de 20...

Asdo:

Asdo:

ADDENDA PLAN DE CONVIVENCIA

Tal e como se establece na Orde do 4 de Xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos, e seguindo o protocolo para o uso de teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos, incorporamos as seguintes normas de convivencia:

1. Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación establecida durante os períodos lectivos e, polo tanto, na totalidade da xornada escolar, incorporando os períodos non lectivos. En consecuencia, non se permitirá durante a xornada escolar o emprego libre destes dispositivos.
2. Considéranse aos efectos deste protocolo como períodos non lectivos os seguintes: as entradas e saídas, o tempo de recreo, de comedor escolar e os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.
3. No CEIP Rosalía de Castro, únicamente se poderán empregar dispositivos electrónicos como ferramenta pedagóxica, supervisada polo profesorado.

En Padrón, a 9 de Xaneiro de 2024.

O Equipo de Convivencia